

RESOLUCIÓN SOBRE A PROLONGACIÓN DO PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DO PR925A NA SEDE ELECTRÓNICA DA XUNTA DE GALICIA

Co data de 25 de xaneiro de 2024 publícase no Diario Oficial de Galicia a Resolución do 5 de xaneiro de 2024, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se regulan e se convocan as subvencións do programa de axudas económicas individuais para persoas residentes no exterior para o ano 2024 (código de procedemento PR925A)

O artigo 8 da devandita Resolución establece que o prazo de presentación das solicitudes será de dous meses a partir do día seguinte ao da publicación da mesma no *Diario Oficial de Galicia*, o que supón que remata o día 25 de marzo do ano en curso. Así mesmo, no seu parágrafo terceiro engade que, “se é preciso, poderase prolongar uns días o prazo de permanencia deste procedemento na sede electrónica da Xunta de Galicia para que as Delegacións e demais entidades autorizadas, en exercicio da autorización outorgada polos solicitantes para facelo, poidan introducir os datos das solicitudes recibidas en prazo”.

Considerando que as solicitudes proceden dos países de residencia dos destinatarios, onde están habilitadas determinadas persoas empregadas nas Delegacións da Xunta e as entidades colaboradoras para que as presenten na sede electrónica da Xunta no nome dos solicitantes, que só queda cinco días para a finalización do prazo e o número de expedientes cargados a ata hoxe son 5.200, fronte aso 7.400 que se estima recibir, e sobre todo, por mor das difíciles circunstancias socio-económicas de Cuba e outros países, que impiden aos solicitantes conseguir e achegar con prontitude a documentación que precisan achegar, e ás persoas traballadoras mecanizar e cargar os expedientes con rapidez, debido aos frecuentes cortes de electricidade ou á caída de internet,

Resulta oportuno ampliar o prazo de presentación en sede, de xeito que permita ao persoal das delegacións da Xunte e demais entidades autorizadas, introducir aquelas solicitudes recibidas dentro dos 2 meses de prazo previstos na resolución de convocatoria que non poidan dixitalizar e mecanizar por falta de tempo material para facelo con efectividade.

Por todo o cal, en virtude das competencias atribuídas no artigo 16.7 da devandita Resolución do 5 de xaneiro do 2024 e demais de xeral aplicación,

RESOLVO

Autorizar a permanencia na sede electrónica do procedemento con código PR925A ata o día 1 de abril, ás 23.59 hora local, aos efectos de que as persoas autorizadas poidan acabar de introducir as solicitudes recibidas en prazo.

Notifíquese ás delegacións da Xunta de Galicia e demais entidades autorizadas que para garantir a admisión das solicitudes electrónicas mecanizadas entre os días 26 de marzo e 1 de abril, deberán achegar a copia das solicitudes orixinais cun selo de entrada donde figure o prazo de presentación.

O secretario xeral da Emigración

P.S. Decreto 108/2022, do 16 de xuño (DOG núm. 117, do 20 de xuño)

A subdirectora xeral de Coordinación Administrativa, Económica e de Programas Sociais

María Lorena Antelo Romero

